

Dor que reflexiona

Na poesía da ruptura



ROMÁN RAÑA

Acaba de ser reeditado o libro de Chus Pato (Ourense, 1955), *A ponte das poldras* na fermosa e xa exitosa colección de poesía “Dombate”, da editorial Galaxia. Advirtamos ao lector que a poesía que contén é densa, compacta, non dada á fácil efusividade nen á declamación tradicional. A súa sintaxe é unha continua busca da sinceridade nunha viaxe ao fondo do falar e das palabras que non desdeña a arte barroca nen os cárceres conceptuais, mais tampouco a beta das lembranzas familiares, o esgazamento interior que a revisitación do pasado provoca. A nosa autora non pretende fechalo en versos de cómoda aprendizaxe, ben polo contrario, aspira a que o lector faga o esforzo necesario para aprehender a viva conciencia dunha temporalidade que, finalmente, pode acabar sendo a súa.

E de que fala a poeta e as súas máscaras cambiantes, os poemas? Pois da indagación nas feridas, a ferida dos antepasados, os avós, a terra nativa, a morte deles en tráxicas circunstancias (o río Ebro que acaba sendo o Érebo, o inferno da guerra que perdemos sempre), a infancia como territorio perpetuamente visitábel, a patria, ese outro territorio radicalmente posíbel sempre a se facer e a se deixar devastar, etc.

Convén sinalar que advertimos a desorientación nun microcosmo de intensidade doméstica, cando emerxe a insondábel infancia, os anhelos que depositamos nas cousas, nos xoguetes (na nenez todas as cousas poden ser xoguetes, obxectos onde prolongar a nosa imaxinación, a inocencia do espírito humano

vida foi a perda da infancia, o paraíso dos días infantís para sempre irrecuperado.


Chama a atención o uso de poemas longos, de longa respiración, onde se fragmenta escuramente a natureza dolorosa das cousas, un sentido case incommunicábel, unha ansia por expresalo que concita un sufrimento que acompaña á sintaxe (xa o dixemos) e á linguaxe abrupta, ás enumeracións cortantes nunha confrontación dialéctica entre a realidade exterior (a estraña arquitectura do mundo) e a realidade interior (anacos da alma que se ispe), que quer superar esta dualidade através da palabra. Mundo que se deshabita, pasado que se fai sagrado. Pasado, repetímolo, que non se pretende fermosear, mais transfigurar.

Percibimos a dor en moitos momentos do poemario, a desolación dun sufrimento que racha a orde natural das palabras e deixa un halo de misterio en cada verso, en cada precipicio. Por iso o que máis nos conmove é a información di-

recta desta invitación e deste designio: “Esta, da que agora escribes, é a cidade dos teus dez primeiros anos/unha cripta/hai un parque,/xogas nunha estatua, a dos Caídos/é un anxo de pedra, enorme, ti só lle ves as costas/o escudo de España, e xogas nel a gardar tesouros/nas costas do anxo, na coroa real do escudo dos Caídos por España/non hai ceo/os empardecereis grises, neboentos; non mirarás ao ceo, nunca”.

Perdóeseme a longa citación, creo que nela se recolle o espírito dunha dor que reflexiona, dunha poesía convulsa que busca a recuperación do que se perdeu, poesía da ruptura que quer capturar aquilo que non volta pero do que voltamos, se non completos de sabedoría, polo menos completos da íntima verdade da poeta.

PATO, Chus, *A ponte das poldras*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 63 páxinas



**UNHA SINTAXE A
PROCURAR ARREO A
VERDADE NO FONDO
DO FALAR E MAIS
DAS PALABRAS**

en toda a súa dimensión e complexidade), como testemuñan estes versos: “Acabo de meter a Nación nun cofre de piratas/o plano no corazón./Podo xurar que malia o inverno escoitei cantar a Primavera/a fotografía da nenez no labirinto de buxo.”

Non estraña que a poeta declare momentos despois que a primeira dor da